

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE OPERACIÓNS DENTRO DO PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO “CARBALLO A MAN” DO CONCELLO DE CARBALLO.

1. ANTECEDENTES

O Concello de Carballo, no exercicio das súas competencias e co obxectivo de promover un desenvolvemento sostible e integrado do seu territorio, elaborou un Plan de Actuación Integrado, en diante PAI, aliñado coas políticas públicas nacionais e da Unión Europea en materia de desenvolvemento urbano.

O PAI define un conxunto de proxectos destinados a dar resposta aos principais retos económicos, sociais, ambientais e territoriais do municipio durante o período 2021-2027.

O devandito PAI foi seleccionado para o seu financiamento mediante FEDER no marco do Programa Plurirrexional de España 2021-2027, conforme á normativa europea e nacional de aplicación, téndose asignado ao Concello de Carballo unha senda financeira para a súa execución.

Así mesmo, mediante a Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos e o correspondente acordo de atribución de funcións, o Concello de Carballo asumiu as funcións necesarias para a selección de operacións, actuando como Organismo Intermedio Lixeiro, de conformidade co marco regulador vixente.

En consecuencia, resulta necesario aprobar a convocatoria para a presentación de solicitudes de financiamento, coa finalidade de seleccionar as operacións que se integrarán no PAI e que serán obxecto de cofinanciamento.

2. OBXECTO

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a definición do procedemento para a selección das operacións que se integren no Plan de Actuación Integrado “Carballo a man”, cofinanciado polo FEDER no marco do Programa Plurirrexional de España 2021-2027.

A selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sustentabilidade das operacións, transparencia dos criterios de selección, capacidade dos beneficiarios para implementalas e aliñamento estratéxico con outras operacións e instrumentos.

Ademais, as operacións deberán:

- Contribuír ao Plan de Actuación Integrado “Carballo a man”.
- Contribuír ao Programa Plurirrexional de España 2021-2027.



Cofinanciado pola
Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos



- Asegurar o cumprimento dos principios horizontais e principios transversais, criterios de elixibilidade, criterios de priorización e condicionantes ambientais definidos nos Criterios e Procedementos de Selección de Operacións do Programa Plurirrexional de España 2021-2027.
- Medirse a través dos indicadores de produtividade do anexo I da convocatoria.

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria réxese pola seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados; regulamentos da Unión Europea aplicables ao fondo ou instrumento de financiamento correspondente.
- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.
- Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se aproba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Normativa estatal e autonómica en materia de subvencións, contratación pública, axudas de Estado, medio ambiente e igualdade.
- Criterios de selección e documentos de xestión aprobados pola autoridade competente.
- Demais normativa que resulte de aplicación.

4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN



A Unidade de Xestión do Concello de Carballo será a responsable do procedemento de selección de operacións, con separación funcional respecto das Unidades Executoras, que serán as responsables de propoñer e executar as operacións.

As operacións serán seleccionadas a partir das solicitudes de financiamento presentadas polas Unidades Executoras, de acordo co modelo normalizado definido polo Organismo Intermedio de Xestión.

Cada solicitude de financiamento corresponderase cunha única operación, se ben unha operación poderá incluír unha ou varias actuacións ou contratos sempre que respondan a un obxectivo común.

O procedemento de selección iniciarase coa publicación da presente convocatoria e comprenderá, con carácter xeral, os seguintes fitos:

1. Presentación da solicitude de financiamento pola Unidade Executora.
2. Verificación da adecuación da operación aos criterios de selección e á normativa aplicable por parte da Unidade Xestora.
3. Cubrición da lista S1 e da Declaración de Ausencia de Conflito de Interese pola Unidade Xestora.
4. Formalización do documento que establece as condicións da axuda.

5. BENEFICIARIOS

Poderán ter a condición de beneficiarios, para os efectos da presente convocatoria, as Unidades Executoras do Concello de Carballo establecidas na correspondente Descrición de Funcións e Procedementos.

6. PRAZO E MÉTODO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes de financiamento iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria e permanecerá aberto ata a finalización do período de elixibilidade.

As solicitudes presentaranse por medios electrónicos, a través da plataforma ALDEA, conforme ao modelo normalizado proporcionado polo Organismo Intermedio de Xestión.



CONVOCATORIA PARA LA SELECCIÓN DE OPERACIONES DENTRO DEL PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO “CARBALLO A MAN” DEL AYUNTAMIENTO DE CARBALLO.

1. ANTECEDENTES

El Ayuntamiento de Carballo en el ejercicio de sus competencias y con el objetivo de promover un desarrollo sostenible e integrado de su territorio, ha elaborado un Plan de Actuación Integrado, en adelante PAI, alineado con las políticas públicas nacionales y de la Unión Europea en materia de desarrollo urbano.

El PAI define un conjunto de proyectos destinados a dar respuesta a los principales retos económicos, sociales, ambientales y territoriales del municipio durante el periodo 2021-2027.

Dicho PAI ha sido seleccionado para su financiación mediante FEDER en el marco del Programa Plurirregional de España 2021-2027, conforme a la normativa europea y nacional de aplicación, habiéndose asignado al Ayuntamiento de Carballo una senda financiera para su ejecución.

Asimismo, mediante la Resolución de 23 de diciembre de 2024 de la Dirección General de Fondos Europeos y el correspondiente acuerdo de atribución de funciones, el Ayuntamiento de Carballo ha asumido las funciones necesarias para la selección de operaciones, actuando como Organismo Intermedio Ligero, de conformidad con el marco regulador vigente.

En consecuencia, resulta necesario aprobar la convocatoria para la presentación de solicitudes de financiación, con el fin de seleccionar las operaciones que se integrarán en el PAI y que serán objeto de cofinanciación.

2. OBJETO

Constituye el objeto de la presente convocatoria la definición del procedimiento para la selección de las operaciones que se integren en el Plan de Actuación Integrado “Carballo a man”, cofinanciado por el FEDER en el marco del Programa Plurirregional de España 2021-2027.

La selección de operaciones deberá estar regida por los principios de igualdad entre beneficiarios, eficiencia, eficacia y sostenibilidad de las operaciones, transparencia de los criterios de selección, capacidad de los beneficiarios para implementarlos y alineamiento estratégico con otras operaciones e instrumentos.

Además, las operaciones deberán:



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos



- Contribuir al Plan de Actuación Integrado “Carballo a man”.
- Contribuir al Programa Plurirregional de España 2021-2027.
- Asegurar el cumplimiento de los principios horizontales y principios transversales, criterios de elegibilidad, criterios de priorización y condicionantes ambientales definidos en los Criterios y Procedimientos de Selección de Operaciones del Programa Plurirregional de España 2021-2027.
- Medirse a través de los indicadores de productividad del anexo I de la convocatoria.

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

La presente convocatoria se rige por la siguiente normativa:

- Reglamento (UE) 2021/1060 del Parlamento Europeo y del Consejo de 24 de junio de 2021 por el que se establecen las disposiciones comunes relativas al Fondo Europeo de Desarrollo Regional, al Fondo Social Europeo Plus, al Fondo de Cohesión, al Fondo de Transición Justa y al Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y de Acuicultura, así como las normas financieras para dichos Fondos y para el Fondo de Asilo, Migración e Integración, el Fondo de Seguridad Interior y el Instrumento de Apoyo Financiero a la Gestión de Fronteras y la Política de Visados Reglamentos de la Unión Europea aplicables al fondo o instrumento de financiación correspondiente.
- Reglamento (UE) 2021/1058 del Parlamento Europeo y del Consejo de 24 de junio de 2021 relativo al Fondo Europeo de Desarrollo Regional y al Fondo de Cohesión.
- Orden HFP/1414/2023, de 27 de diciembre, por la que se aprueban las normas sobre los gastos subvencionables de los programas financiados por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional y del Fondo de Transición Justa para el período 2021-2027.
- Orden HAC/1072/2024, de 2 de octubre, por la que se aprueban las bases reguladoras para la asignación de senda financiera FEDER a Planes de actuación integrados de entidades locales, en el marco del Desarrollo Urbano Sostenible, con cargo al Fondo Europeo de Desarrollo Regional en el periodo de programación 2021-2027.
- Resolución de 23 de diciembre de 2024 de la Dirección General de Fondos Europeos por la que se aprueba la convocatoria para la asignación de senda financiera FEDER a Planes de Actuación Integrados de entidades locales, en el marco del desarrollo urbano sostenible, con cargo al Fondo Europeo de Desarrollo Regional en el periodo de programación 2021-2027
- Normativa estatal y autonómica en materia de subvenciones, contratación pública, ayudas de Estado, medio ambiente e igualdad.
- Criterios de selección y documentos de gestión aprobados por la autoridad competente.
- Demás normativa que resulte de aplicación.



4. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

La Unidad de Gestión del Ayuntamiento de Carballo será la responsable del procedimiento de selección de operaciones, con separación funcional respecto de las Unidades Ejecutoras, que serán las responsables de proponer y ejecutar las operaciones.

Las operaciones serán seleccionadas a partir de las solicitudes de financiación presentadas por las Unidades Ejecutoras, de acuerdo con el modelo normalizado definido por el Organismo Intermedio de Gestión.

Cada solicitud de financiación se corresponderá con una única operación, si bien una operación podrá incluir una o varias actuaciones o contratos siempre que respondan a un objetivo común.

El procedimiento de selección se iniciará con la publicación de la presente convocatoria y comprenderá, con carácter general, los siguientes hitos:

1. Presentación de la solicitud de financiación por la Unidad Ejecutora.
2. Verificación de la adecuación de la operación a los criterios de selección y normativa aplicable por parte de la Unidad Gestora.
3. Cumplimentación de la lista S1 y la Declaración de Ausencia de Conflicto de Interés por la Unidad Gestora.
4. Formalización del documento que establece las condiciones de la ayuda.

5. BENEFICIARIOS

Podrán tener la condición de beneficiarios, a los efectos de la presente convocatoria, las Unidades Ejecutoras del Ayuntamiento de Carballo establecidas en la correspondiente Descripción de Funciones y Procedimientos.

6. PLAZO Y MÉTODO DE PRESENTACIÓN

El plazo de presentación de solicitudes de financiación se iniciará a partir del día siguiente a la publicación de la presente convocatoria y permanecerá abierto hasta la finalización del periodo de elegibilidad.

Las solicitudes se presentarán por medios electrónicos, a través de la plataforma ALDEA, conforme al modelo normalizado proporcionado por el Organismo Intermedio de Gestión.

